



Concello de Vigo  
Expte. 4327/1101

Expte: 2459-232  
Rehiror: 02-05-2024

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 02-05-2024  
El Secretario General  
P.A.

El Jefe del Registro General.  
Jose Manuel Gonzalez Ucha

**ACTA**

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 7/2024

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2024

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. .20061/101. Expte. Pleno 4328/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 20060/101. Expte. Pleno 4329/1101.

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

García González, Patricia  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

#### NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista.  
Iglesias González, Ana Laura, concelleira do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e dezasete minutos (11:17) do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil vinte e catro (25/03/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.(56). CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 20061/101. EXPTE. PLENO 4328/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2024, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

#### "I. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Constitución Española de 1978.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.*
- *Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro*
- *Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).*
- *Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.*

#### II. ANTECEDENTES

*Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.*

*Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rúeiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e "calquera outra distinción que acorde a Corporación".*

*Terceiro.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.*